



## **Concello de San Cristovo de Cea (Ourense)**

Praza Maior, 1. C.P. 32130 Cea-Ourense. Tfno.: 988.282.000 – Fax.: 988.282.008 – C.I.F.: P-3207700-J

E-mail: [concellodecea@yahoo.es](mailto:concellodecea@yahoo.es)

Estimado/a veciño/a:

Sempre foi vontade deste Equipo de Goberno a dinamización económica e social do noso Concello. Neste senso, e dado que a nosa prioridade é a fixación da poboación, lévanse anos facendo xestións cara a conseguir solo industrial para Cea e tamén empresas que se quixeran vir a instalar entre nós. Finalmente, e tras mais de un ano de negociacións, conquerimos que unha grande empresa se interese de maneira seria por instalarse en Cea.

Como probablemente saibades pola prensa, a semana pasada esta Alcaldía rubricou un convenio coa empresa "As Cinco Jotas", dedicada á produción de casas de madeira prefabricadas, para a súa instalación en Cea tan pronto consigamos as autorizacións da Xunta de Galicia, polo que esperamos que o inicio das obras de urbanización de solo e construción da fábrica dean comezo ó longo do presente ano.

Esta empresa prevé a creación de alomenos 120 postos de traballo, dos cales a metade están reservados a veciños do Concello, tal e como se recolle na cláusula 5ª do Convenio que asinamos. De acordo con esta mesma cláusula, a empresa e o Concello elaborarán conxuntamente un plan de emprego que incluírá a realización de cursos que permitan a formación para capacitar ás persoas que queiran entrar a traballar na fábrica.

Aos efectos do anterior, rógovos que tódolos veciños interesados en traballar nesta empresa pasen polas Oficinas Xerais do Concello a apuntarse nas listas que ten preparadas a Técnico Local de Emprego, coa finalidade de saber con canta xente contamos para os cursos de formación e posterior incorporación ós postos de traballo que no seu día se oferten.

Parece evidente que a instalación de esta empresa permitirá que a xente de San Cristovo de Cea non teña que marchar do Concello para conseguir traballo e que incluso poidan retornar veciños nosos que hoxe están traballando fora, e mais si temos en conta que existen outras empresas que tamén se están interesando por vir a Cea pero, en calquera caso, é necesario que os que estean interesados en traballar na empresa se preparen previamente para poder realizar o traballo que se lles ofrezca. E esa é a razón pola que se organizarán estes cursos e pola que o Concello solicita a tódolos interesados que se veñan apuntar previamente.

Recibe un cordial saúdo.

San Cristovo de Cea, a 16 de Febreiro de 2009.

O ALCALDE – PRESIDENTE,

Asdo.: José Luis Valladares Fernández.-